

Carta a Malike

Martes, 20 de xullo do 1706. Vila de Tahuri, Mozambique

Querida Malike, miña filla:

Non sei se esta carta vai chegar ás túas mans ou se vai rematar feita cinzas nunha desas chemineas da gran e corida casa na que agora estarás a facer os traballos máis duros. Recibas ou non a recibas, mañá partirei para poder estar ao teu carón.

Como naquela vella historia que che contaba, cando me chegabas polos xeonllos, as persoas somos coma os salmóns. Unha corda invisible pero moi forte colga do noso corazón e remata atada onde fomos nados e medramos de pequenos. É dicir, na nosa terra. Estes peixes, cando o destino o decide, teñen que marchar a lonxanos lugares do mar a facer a súa vida de novo e sobrevivir onde nunca pensarían que acabarían. Pero volven. Volven para os acontecementos máis importantes da súa vida. No seu caso, ter aos seus bebés e ir para o outro mundo.

Pois a nós vainos pasar o mesmo. Volveremos a estar xuntas, Malike. Só que no momento que máis o precisemos. Podes estar segura que o destino se vai poñer ao noso carón. Aquí, na nosa casa, sen que os “Branco” fagan voar polos aires todas as nosas vivencias, e aos nosos seres amados.

Papá foise a Cabo Verde poucos días despois de ti marchares. Sabes o empeñado que estaba en manter esas illas como terra da nosa nación. Decía algo así como que aos portugueses había que facerlles escarmentar e non deixarlles tocar o noso terreo. Dende aquel día, non teño máis noticias súas.

Nós, aínda que non podemos case saír da casa, mantemos o sentidiño. Todo grazas ao teu pequeno irmán Taluko, que fai que non se nos borre o sorriso de esperanza a min ou á avoa Kaine, aínda que esteamos vendo de todo. Cada vez está máis grande. Aseméllase moito a ti. Tedes os mesmos ollos acibeche profundo con esa mirada tan doce.

Se todos os meus plans saen ben, mañá cedo na alba intentarei coarme no barco que parte do porto con destino en Brasil.

O teu tío Maluhi, que como sabes alistouse no exército marítimo, informoume de que habería esta viaxe. Dixo que non se farían moitos controis no molle, así que vou intentalo. Podo pasar e xuntarme contigo de novo en Río de Xaneiro, pero tamén poden determe ou incluso fusilarme por montar nun barco de “Branco”. Pero eu non quero pensar, nin que ti o fagas, no peor. Se nos rendíramos xa non estaríamos aquí. A avoa queda con Taluko na casa, así que non estés preocupada por eles, pero tampouco por min.

Se recibes esta carta, e todo sae como o esperado, agárdame tras escapar da casa deses monstros ás doce da noite no molle de Sao Paulo, o próximo mércores.

Recorda que somos coma salmóns. Recorda iso sempre e todo irá ben.

Bicos e apertas infinitas,
quérete mamá.